

Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### GROVE, O

#### Persoal, oposicións

#### *SELECCIÓN DUN COORDINADOR DE SOCORRISMO EN PRAIAS*

### **BASES PARA A SELECCIÓN DUN COORDINADOR TÉCNICO SOCORRISMO EN PRAIAS DO CONCELLO DO GROVE PARA O ANO 2018**

#### *PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA*

O Obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal dun COORDINADOR TÉCNICO SOCORRISMO en réxime contractual de laboral temporal, durante un período de 3 meses.

A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada a xornada completa para un servizo determinado, para exercer as funcións de coordinador técnico entre o Concello do Grove e os socorristas e sanitarios que se contraten na tempada do verán 2018. Ademais das funcións de coordinación, exercerá funcións de socorrista e sanitario.

#### *SEGUNDA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES*

a) Ter a nacionalidade do estado español ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea (UE), ou dalgún daqueles estados aos que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola UE e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar o cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros estados membros da UE, sempre que non estean separados deste dereito, menores de vinte ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas, de acordo co establecido nos artigos 2 e 4 do RD 178/2003, de 14 de febreiro.

b) Ter 18 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do Graduado Escolar ou superior e CELGA 3.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e) Estar en posesión do título de socorrista acuático en espazos naturais vixente ou ciclo medio en salvamento e socorrismo en espazos naturais.

f) Dispor do carné de conducir B en vigor.



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste Concello.

#### *TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS*

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte na convocatoria (xúntase modelo de instancia) dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello do Grove e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de 10 días naturais dende a publicación do correspondente anuncio no BOP. Ademais publicaranse nun dos periódicos de maior circulación da provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello ([www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es)).

Xuntarase coa instancia a seguinte documentación: fotocopia do CNI, currículo extenso e detallado, fotocopias cotexadas dos documentos que acrediten os méritos que aleguen e teñan que ser valorados pola Comisión Cualificadora.

Os/as aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as dista.

#### *ALEGACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE MÉRITOS:*

En ningún caso poderán ser valorados aqueles méritos que non fosen xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que, segundo as presentes bases, sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

#### *CUARTA. RETRIBUCIÓN*

Será de 1.400 euros brutos mensuais, por tódolos conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

#### *QUINTA. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES*

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia, ditará resolución no prazo máximo de tres días aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión e nomeamento da Comisión Cualificadora.

#### *SEXTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS/AS ASPIRANTES*

Realizarase mediante o sistema de concurso-oposición.



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

### *FASE DE CONCURSO*

O tribunal examinará e cualificará nesta fase os méritos dos/as aspirantes, de acordo cos documentos e xustificantes que presenten xunto coas súas instancias e conforme ao baremo de méritos que figura no Anexo I destas bases. Tódolos méritos deberán ser debidamente acreditados mediante procedemento que garanta a súa veracidade.

A puntuación máxima nesta fase será de 10 puntos.

### *FASE DE OPOSICIÓN*

**PROBA ESCRITA:** Consistirá nunha proba escrita a determinar polo tribunal. Valorarase cun máximo de 2 puntos.

**PROBA PRÁCTICA:** Os/as aspirantes, serán citados nunha praia do Concello, para realizar a seguinte proba: correr 200 metros na praia, entrar no mar e nadar uns 400 metros ata o punto sinalado polo tribunal e volver ata terra noutro punto sinalado polo tribunal.

A puntuación máxima será sobre 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para entender superada a mesma.

O tribunal antes do comezo do exercicio estipulará os tempos requiridos, tempo máximo establecido en función das circunstancias metereolóxicas aplicando as puntuacións da proba para mulleres e homes.

A puntuación dependerá do tempo mínimo establecido en función das circunstancias metereolóxicas aplicando as puntuacións proporcionalmente aos tempos obtidos tomando como referencia o do/a aspirante que obtivera o mellor tempo, aplicando as puntuacións da proba para mulleres e homes.

O/a aspirante que faga o exercicio no menor tempo, terá unha puntuación de 10 puntos, e aos seguintes descontaráselle un 20% de puntos por cada 5 segundos de diferenza de tempo co/a primeiro/a.

### *SÉTIMA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS*

A valoración dos méritos, a proba escrita e práctica, realizaranse na data que se determine pola Presidencia, publicándose o anuncio correspondente no Taboleiro de Anuncios do Concello así como na páxina web do Concello ([www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es)).

### *OITAVA. CUALIFICACIÓN*

Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará a/a aspirante proposto/a por ter a maior puntuación, sumando as dúas fases de concurso e oposición, e elevarase á Alcaldía para que emita resolución do nomeamento pertinente, tendo en conta que sobre a puntuación total a fase de concurso suporá o 40% e a fase de oposición un 60%.



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

### NOVENA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

A determinar pola Alcaldía-Presidencia de acordo co previsto no RD 896/1991, do 7 de xuño, así como no art. 60 do RDL 5/2015, do 30 de outubro.

### DÉCIMA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

O Grove, 02/05/2018

O alcalde,

D. Jose A. Cacabelos Rico

ANEXO I

### BASEMO DE VALORACIÓN DOS MÉRITOS

A) Por ter desempeñado funcións das mesmas características de coordinador de praias, que as do obxecto da presente convocatoria: 0,50 puntos por mes ata un máximo de 3 puntos.

B) Por asistencia a cursos sobre materias relacionadas co posto de traballo obxecto da convocatoria homologados ou realizados por unha Administración pública.

- Cursos de menos de 20 horas ..... 0,25 puntos/curso.
- Cursos de 20 a 40 horas ..... 0,50 puntos/curso.
- Cursos de máis de 40 horas ..... 0,75 putnos/curso.

Ata un máximo de 2 puntos.

C) Cursos de patrón de embarcacións:

- PNB ..... 0,25 puntos.
- PER ..... 0,50 puntos.
- SUPERIOR ..... 1,25 puntos.

Ata un máximo de 2 puntos.

D) Por cada mes de contrato laboral como socorrista acuático en espazos naturais, 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>  
Código seguro de verificación:DM0NURBBF0NOQCXW



Martes, 15 de maio de 2018

Núm. 93

*COORDINADOR TÉCNICO SOCORRISMO 2018*

*MODELO DE INSTANCIA*

D./Dna. \_\_\_\_\_, provisto/a do DNI núm \_\_\_\_\_,  
veciño/a da rúa \_\_\_\_\_, do termo municipal  
de \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_,  
correo-electrónico \_\_\_\_\_.

*EXPOÑO:*

Que enterado/a da convocatoria para a contratación laboral temporal dun COORDINADOR/A  
TÉCNICO/A EN PRAIAS, e cumprindo con todos os requisitos sinalados na Base 2ª da convocatoria,

*SOLICITO:*

Ser admitido/a neste proceso selectivo.

O Grove, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2018

Firma

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE: Non teño sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

O Grove, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2018

Firma

Xúntase: CURRICULUM VITAE, fotocopia do DNI, fotocopia do Graduado Escolar, ESO ou superior, CELGA 3, carné de conducir clase B, e do título de socorrista acuático ou ciclo medio, debidamente cotexados e demais que acrediten os méritos que alego e teñan que ser valorados pola Comisión Cualificadora.

Sr. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO GROVE

